



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 582
19 de outubro de 2023



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 17 de outubro de 2023, polo que se admite a trámite a Proposición de lei orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral [223166](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Rexeitamento das iniciativas

■ 60116 (11/PNC-005010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e tres deputados/as máis

Sobre determinadas medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de transporte público no ámbito rural orientadas ao estudantado de etapas de ensino postobrigatorio [223156](#)

■ 60202 (11/PNC-005025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de vivenda para promover a emancipación da mocidade [223156](#)

■ 60388 (11/PNC-005042)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do reforzamento do servizo de autobús das sete da mañá na liña entre Monforte de Lemos e Lugo [223156](#)

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Rexeitamento da iniciativa

■ 57779 (11/PNC-004831)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir unha educación de calidade, inclusiva e equitativa

[223156](#)

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.9. Límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma

■ Acordo do pleno do Parlamento de Galicia, do 18 de outubro de 2023, polo que se aproba o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024 (61190; 11/LGNF-000004)

[223157](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

■ 60952 (11/PRE-022021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre os futuros usos do Hospital Provincial de Pontevedra, o mantemento da idea do uso socio-sanitario e o diálogo coa Universidade e co Concello de Pontevedra respecto dos equipamentos universitarios

[223182](#)

■ 60959 (11/PRE-022022)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a valoración que fai o Goberno galego no relativo á posibilidade de adquisición do pazo de Montesacro, en Cambados, para a súa protección patrimonial e para que siga prestando, baixo xestión pública, funcións de asistencia social

[223186](#)

■ 60980 (11/PRE-022023)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o cumprimento do acordo do Parlamento de Galicia en relación coa Iniciativa Xabarín, relativa á programación infantil e xuvenil en galego nas televisións públicas

[223189](#)

■ 60985 (11/PRE-022024)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a cantidade investida polo Goberno galego na participación do grupo musical Muse en Vigo dentro da programación dos Concertos do Xacobeo e demais información pendente acerca dese concerto

[223192](#)

■ 60992 (11/PRE-022025)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a adecuación do servizo de pediatría do Centro de Saúde de Salceda de Caselas ás necesidades do concello e o modo en que se está a facer a cobertura da baixa da pediatra [223194](#)

I 60995 (11/PRE-022026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre o estado das instalacións do CEIP María Pita, da Coruña, e a colaboración coa comunidade educativa para abordar a súa mellora [223197](#)

I 61004 (11/PRE-022027)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o impacto dos cultivos forestais con especies de crecemento rápido no patrimonio natural e cultural de Galicia [223201](#)

I 61008 (11/PRE-022028)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a expansión do verme cortador, ou verme das pradarias, nas comarcas de Bergantiños e da Costa da Morte [223205](#)

I 61013 (11/PRE-022029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre o estado das instalacións e as necesidades no cadro docente do CEIP María Barbeito, da Coruña [223208](#)

I 61022 (11/PRE-022030)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a situación das instalacións do CEIP Francisco Vales Villamarín, de Betanzos [223212](#)

I 61029 (11/PRE-022031)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a situación da asistencia sanitaria no Centro de Saúde de Catoira e as previsións que ten a Xunta no que atinxe á substitución do persoal facultativo vacante para manter o mesmo nivel de atención anterior [223215](#)

I 61034 (11/PRE-022032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe á reclamación ao Goberno central da devolución a Galicia do exemplar orixinal da "Crónica troiana" [223219](#)



I 61080 (11/PRE-022033)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre a situación das instalacións do IES A Sardiñeira, da Coruña, as demandas da comunidade educativa e as previsións da Xunta de Galicia canto ás actuacións de mellora

[223223](#)**I 61091 (11/PRE-022034)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto do impulso dun acordo para a ampliación do Instituto Feiral de Vigo (Ifevi) así como da súa dotación orzamentaria no exercicio de 2024

[223226](#)**I 61094 (11/PRE-022035)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre o desenvolvemento da Iniciativa Xabarín, aprobada polo Parlamento en 2021 e que persegue o impulso do galego nos contidos infantís e xuvenís das televisións públicas

[223229](#)**I 61120 (11/PRE-022036)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta verbo das peticións sindicais do persoal docente e a relación entre estas reivindicacións e a mellora da calidade educativa

[223232](#)**I 61124 (11/PRE-022037)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre o desenvolvemento da Iniciativa Xabarín, aprobada polo Parlamento en 2021 e que persegue o impulso do galego nos contidos infantís e xuvenís das televisións públicas

[223236](#)**I 61130 (11/PRE-022038)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre o conflito laboral do persoal dos consorcios comarcais do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento e as accións que prevé desenvolver a Xunta para a súa resolución

[223239](#)**I 61144 (11/PRE-022039)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego relativas á creación dos centros provinciais de crise 24 horas de atención integral ás vítimas de violencia sexual

[223243](#)**1.4.5. Respostas a preguntas****I 61001 - 26993 (11/PRE-012762)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a estratexia galega de infraestrutura verde

[223245](#)

I 61000 - 37264 (11/PRE-016360)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a estratexia galega de infraestrutura verde

[223247](#)

I 60999 - 49634 (11/PRE-019550)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a estratexia galega de infraestrutura verde

[223249](#)

I 60998 - 58086 (11/PRE-021796)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as consideracións da Xunta de Galicia respecto do escenario que se abre co cambio climático e as medidas que pensa desenvolver ou impulsar para afrontar fundamentalmente o seu impacto nos recursos hídricos

[223251](#)

I 61132 - 59127 (11/PRE-021868)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa adecuación da rede pública de escolas infantís á demanda existente e coa asunción das de xestión municipal

[223254](#)

I 61131 - 59132 (11/PRE-021869)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Moura, Diego e 2 máis

Sobre a necesidade de dotar o concello de Verín dunha escola infantil pública e as previsións da Xunta de Galicia en relación co impulso desta infraestrutura

[223257](#)

I 60997 - 59166 (11/PRE-021873)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á aprobación da Estratexia galega da infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas e aos orzamentos para o seu desenvolvemento

[223260](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

I Sesión plenaria (día 24 de outubro de 2023, ás 10.00 horas)

[223161](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Acordo da Mesa do Parlamento, do 17 de outubro de 2023, polo que se admite a trámite a Proposición de lei orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 17 de outubro de 2023, adoptou o seguinte acordo:
Admisión a trámite

- 61221 (11/PPLC-000010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 18 de outubro de 2023, adoptou os seguintes acordos:



Rexeitamento das iniciativas

- 60116 (11/PNC-005010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e tres deputados/as máis

Sobre determinadas medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de transporte público no ámbito rural orientadas ao estudantado de etapas de ensino postobrigatorio

BOPG nº 570, do 27.09.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 60202 (11/PNC-005025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de vivenda para promover a emancipación da mocidade

BOPG nº 570, do 27.09.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 60388 (11/PNC-005042)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do reforzamento do servizo de autobús das sete da mañá na liña entre Monforte de Lemos e Lugo

BOPG nº 574, do 04.10.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2023

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 18 de outubro de 2023, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 57779 (11/PNC-004831)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir unha educación de calidade, inclusiva e equitativa

BOPG nº 552, do 30.08.2023



Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2023

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.9. Límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma

Acordo do pleno do Parlamento de Galicia, do 18 de outubro de 2023, polo que se aproba o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024 (61190; 11/LGNF-000004)

O Pleno do Parlamento de Galicia, na sesión do 18 de outubro de 2023, aprobou por 42 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención, o límite máximo de gasto non financeiro do orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 por un importe de 13.257 millóns de euros.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 17 de outubro de 2023, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 60952 (11/PRE-022021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre os futuros usos do Hospital Provincial de Pontevedra, o mantemento da idea do uso socio-sanitario e o diálogo coa Universidade e co Concello de Pontevedra respecto dos equipamentos universitarios

- 60959 (11/PRE-022022)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a valoración que fai o Goberno galego no relativo á posibilidade de adquisición do pazo de Montesacro, en Cambados, para a súa protección patrimonial e para que siga prestando, baixo xestión pública, funcións de asistencia social

- 60980 (11/PRE-022023)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis



Sobre o cumprimento do acordo do Parlamento de Galicia en relación coa Iniciativa Xabarín, relativa á programación infantil e xuvenil en galego nas televisións públicas

- 60985 (11/PRE-022024)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a cantidade investida polo Goberno galego na participación do grupo musical Muse en Vigo dentro da programación dos Concertos do Xacobeo e demais información pendente acerca dese concerto

- 60992 (11/PRE-022025)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a adecuación do servizo de pediatria do Centro de Saúde de Salceda de Caselas ás necesidades do concello e o modo en que se está a facer a cobertura da baixa da pediatra

- 60995 (11/PRE-022026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre o estado das instalacións do CEIP María Pita, da Coruña, e a colaboración coa comunidade educativa para abordar a súa mellora

- 61004 (11/PRE-022027)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o impacto dos cultivos forestais con especies de crecemento rápido no patrimonio natural e cultural de Galicia

- 61008 (11/PRE-022028)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a expansión do verme cortador, ou verme das pradarias, nas comarcas de Bergantiños e da Costa da Morte

- 61013 (11/PRE-022029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre o estado das instalacións e as necesidades no cadro docente do CEIP María Barbeito, da Coruña

- 61022 (11/PRE-022030)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a situación das instalacións do CEIP Francisco Vales Villamarín, de Betanzos

- 61029 (11/PRE-022031)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a situación da asistencia sanitaria no Centro de Saúde de Catoira e as previsións que ten a Xunta no que atinxe á substitución do persoal facultativo vacante para manter o mesmo nivel de atención anterior

- 61034 (11/PRE-022032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe á reclamación ao Goberno central da devolución a Galicia do exemplar orixinal da “Crónica troiana”

- 61080 (11/PRE-022033)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a situación das instalacións do IES A Sardiñeira, da Coruña, as demandas da comunidade educativa e as previsións da Xunta de Galicia canto ás actuacións de mellora

- 61091 (11/PRE-022034)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto do impulso dun acordo para a ampliación do Instituto Feiral de Vigo (Ifevi) así como da súa dotación orzamentaria no exercicio de 2024

- 61094 (11/PRE-022035)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre o desenvolvemento da Iniciativa Xabarín, aprobada polo Parlamento en 2021 e que persegue o impulso do galego nos contidos infantís e xuvenís das televisións públicas

- 61120 (11/PRE-022036)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta verbo das peticións sindicais do persoal docente e a relación entre estas reivindicacións e a mellora da calidade educativa

- 61124 (11/PRE-022037)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre o desenvolvemento da Iniciativa Xabarín, aprobada polo Parlamento en 2021 e que persegue o impulso do galego nos contidos infantís e xuvenís das televisións públicas

- 61130 (11/PRE-022038)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o conflito laboral do persoal dos consorcios comarcais do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento e as accións que prevé desenvolver a Xunta para a súa resolución



- 61144 (11/PRE-022039)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego relativas á creación dos centros provinciais de crise 24 horas de atención integral ás vítimas de violencia sexual

1.4.5. Respostas a preguntas

Coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 61001 - 26993 (11/PRE-012762)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a estratexia galega de infraestrutura verde

- 61000 - 37264 (11/PRE-016360)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a estratexia galega de infraestrutura verde

- 60999 - 49634 (11/PRE-019550)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a estratexia galega de infraestrutura verde

- 60998 - 58086 (11/PRE-021796)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as consideracións da Xunta de Galicia respecto do escenario que se abre co cambio climático e as medidas que pensa desenvolver ou impulsar para afrontar fundamentalmente o seu impacto nos recursos hídricos

- 61132 - 59127 (11/PRE-021868)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa adecuación da rede pública de escolas infantís á demanda existente e coa asunción das de xestión municipal

- 61131 - 59132 (11/PRE-021869)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lorenzo Moura, Diego e 2 máis

Sobre a necesidade de dotar o concello de Verín dunha escola infantil pública e as previsións da Xunta de Galicia en relación co impulso desta infraestrutura

- 60997 - 59166 (11/PRE-021873)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á aprobación da Estratexia galega da infraestructura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas e aos orzamentos para o seu desenvolvemento

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 24 de outubro de 2023, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 24 de outubro de 2023, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 17 de outubro de 2023, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Texto lexislativo

1.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 53855, 11/PL-000023)

Publicación Ditame da Comisión e mantemento de emendas e votos particulares, BOPG nº 573, do 02.10.2023

Punto 2. Comparecencia

2.1 61253 (11/CPP-000142)

Da Sra. conselleira de Política Social e Xuventude, por petición propia, para informar sobre o inicio do curso escolar na etapa de 0 a 3 anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

Punto 3. Mocións

3.1 60689 (11/MOC-000176)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre o impacto da evolución actual da inflación na economía galega (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 57741, publicada no BOPG núm. 552 do 30 de agosto de 2023, e debata na sesión plenaria do 26 de setembro de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 574, do 04.10.2023



3.2 60729 (11/MOC-000177)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a política fiscal que vén desenvolvendo o Goberno galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 59054, publicada no BOPG núm. 561 do 13 de setembro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 26 de setembro de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 574, do 04.10.2023

3.3 60742 (11/MOC-000178)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a incidencia das actuacións autonómicas nos atrasos das infraestruturas estatais en construción en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 58829, publicada no BOPG núm. 561 do 13 de setembro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 26 de setembro de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 574, do 04.10.2023

Punto 4. Propositions non de lei

4.1 57511 (11/PNP-004633)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das ofertas públicas de emprego que afectan o persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 21.08.2023

4.2 60594 (11/PNP-004886)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que manifeste o seu rexeitamento ante a situación en que se atopa o proceso de renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 574, do 04.10.2023

4.3 60654 (11/PNP-004892)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación cos plans de ordenación do espazo marítimo (POEM) á vista das recomendacións do Tribunal de Contas Europeo neste eido

Publicación da iniciativa, BOPG nº 574, do 04.10.2023

4.4 60661 (11/PNP-004893)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e oito deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relativas á mellora dos servizos ferroviarios no eixe atlántico e na liña Ourense-A Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 574, do 04.10.2023



4.5 60713 (11/PNP-004899)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e sies deputados/as máis

Sobre a reclamación que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central para que cumpra o seu compromiso de axudar os enfermos de ELA e as súas familias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 11.10.2023

4.6 60966 (11/PNP-004926)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relacionadas coas actuais negociacións de investidura do candidato á Presidencia do Goberno de España

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 578, do 11.10.2023

Punto 5. Interpelacións

5.1 56071 (11/INT-002668)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre a tramitación da valoración e do recoñecemento da dependencia e do recoñecemento do grao de discapacidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 534, do 31.07.2023

5.260857 (11/INT-002824)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a evolución da débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 11.10.2023

5.3 61121 (11/INT-002832)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e dous deputados/as máis

Sobre a mellora da calidade educativa nos centros de ensino públicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 61246 (11/POPX-000119)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre como pensa garantir a mellora dos servizos públicos no ano 2024

Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

6.2 61247 (11/POPX-000120)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana



Sobre como valora a eficacia do Goberno galego á hora de defender os intereses de Galicia ante o Estado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 61149 (11/PUP-000364)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Freire Vázquez, María Begoña e seis deputados/as máis

Sobre o recurso de inconstitucionalidade interposto por parte do Goberno central contra a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

7.2 60929 (11/POP-009511)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis

Sobre o encontro da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade co secretario de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana mantido o pasado 4 de outubro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 11.10.2023

7.3 61245 (11/PUP-000366)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as valoracións que fai a Xunta de Galicia verbo da súa política en vivenda pública logo do tráfico incendio acontecido en Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

7.4 60982 (11/POP-009517)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis

Sobre o cumprimento do acordo parlamentario verbo da Iniciativa Xabarín, relativa á programación infantil e xuvenil en galego nas televisións públicas

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 578, do 11.10.2023

7.5 59091 (11/POP-009307)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e tres deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da ampliación aos menores de 30 anos do dereito ao acceso á Tarxeta Xente Nova

Publicación da iniciativa, BOPG nº 561, do 13.09.2023

7.6 56509 (11/POP-008740)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do anuncio do Goberno de España da creación da especialidade de urxencias e emerxencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 543, do 11.08.2023



7.7 60515 (11/POP-009464)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 6 deputados/as máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do expediente de regulación de emprego presentado por Nueva Pescanova e que afecta o centro traballo de Chapela, en Redondela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 574, do 04.10.2023

7.8 58721 (11/POP-009282)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 deputados/as máis

Sobre a metodoloxía de cálculo dos custos de produción do leite en Galicia para a fixación dos prezos de referencia entre produtores e industria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 07.09.2023

7.9 60725 (11/POP-009489)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o estado da produción marisqueira nas rías galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 11.10.2023

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración Xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza en materia de ordenación e xestión do litoral**, para que sexa elevada ao Congreso dos Deputados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é a Comunidade Autónoma do Estado coa cifra máis alta en quilómetros de costa. Concretamente, posúe unha fachada litoral que abrangue 2.555 km, incluídos os 432 km de illas, 464 km de marismas e 1.659 km de costa, segundo se indica no documento onde se conteñen as Directrices de Ordenación do Territorio de Galiza, referentes ao artellamento do litoral galego.

Esta vasta extensión é crucial para Galiza, pois constitúe un elemento de enorme valor e aproveitamento, no que se concentra unha importante porcentaxe de poboación e onde se desenvolven múltiples actividades; moitas delas provenientes dunha longa e vizosa tradición. Con efecto, arredor de primixenios asentamentos situados nas zonas fronteirizas coa costa, foron conformándose pequenos núcleos rurais, cuxa evolución nos trouxo a actual configuración en núcleos de maior densidade de poboación, caracterizados pola existencia dunha intensa actividade económica, básica para o desenvolvemento de Galiza; a saber:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pesca, marisqueo, acuicultura, portos, estaleiros, lonxas, actividades turísticas, culturais, patrimoniais ...

Neste sentido, de fixármonos unicamente na relevancia da actividade marítimo-pesqueira e a cadea mar-industria, cómpre salientar que nos peiraos dependentes da Xunta de Galiza, descargáronse no ano 2021, un total de 77.317 toneladas de peixe e que só na cadea extractiva (pesca, marisqueo, acuicultura) e a de mar-industria (conxelado e conserva), xeran un volume de facturación de máis de 8.800 millóns de euros anuais, segundo datos do propio sector empresarial ligado a estas actividades. E existen numerosas instalacións relacionadas coa antedita cadea mar-industria situadas no litoral galego (depuradoras, cocedeiros de marisco; piscifactorías; cetáreas ...) que precisan situarse en zonas de dominio público marítimo-terrestre para desenvolver a súa actividade, de maneira eficiente e sostíbel.

En calquera caso – como sinalamos-, o dominio público marítimo-terrestre en Galiza conforma un espazo no que conviven múltiples actividades. Fan boa proba disto as numerosas empresas, así como instalacións deportivas; faros; edificios administrativos; centros educativos; centros sanitarios; mercados municipais; cámpings; edificios culturais; estacións de augas residuais; edificacións industriais; construcións patrimoniais; ... que están situados dentro do referido dominio público marítimo-terrestre.

Todas estas actividades humanas desenvólvense en espazos reducidos que interactúan coa paisaxe e cun ecosistema moi rico e de alto valor pola súa biodiversidade de hábitats e de especies de flora e fauna silvestre que cómpre





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conservar, protexer e xestionar de maneira integrada. Con efecto, todo isto conforma unha paisaxe que, ademais de constituír un recurso natural, cultural e económico é fonte dunha tradición dinámica, construída ao longo do tempo e que remite á identidade do pobo galego.

Neste sentido, tanto pola propia configuración xeomorfolóxica como por razóns socioeconómicas, culturais, históricas, urbanísticas, paisaxísticas, patrimoniais,... o litoral galego presenta unhas características específicas, distintas e distantes da costa mediterránea que esixen unha ordenación integral desde una óptica autocentrada e sustentábel, lonxe dun tratamento homoxéneo e estraño á súa singularidade.

É evidente que Galiza debe posuír a máxima capacidade de decisión sobre o seu litoral. Precisa deseñar e planificar -entre outras-, actuacións estratéxicas racionais e razoábeis para a convivencia -e pervivencia- sostíbel de todas as actividades anteriormente mencionadas, situadas no seu litoral, así como a súa posta en valor e aproveitamento para novas utilidades que teñan o carácter de sostíbeis. E precisa, así mesmo, de tales estratexias para previr riscos derivados de fenómenos naturais e, nomeadamente, daqueles derivados do cambio climático.

Xa que logo, o exercicio por parte de Galiza, das máximas competencias para a ordenación do seu litoral é fulcral e prioritaria.

A Constitución Española, establece, no seu artigo 132.2 que “*son bens de dominio público estatal os que determine a Lei, e en todo caso, a zona marítimo-terrestre, as praias, o mar territorial e os recursos naturais da zona económica e a plataforma continental.*”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, o artigo 149. 1. 23ª dispón a competencia exclusiva do Estado en materia de *“lexislación básica sobre medio ambiente, sen prexuízo das facultades das Comunidades Autónomas de establecer normas adicionais de protección”*.

Ademais, a Constitución Española, no artigo 148. 1. 3ª establece que as *“Comunidades Autónomas poderán asumir competencias”* en materia de *“ordenación do territorio, urbanismo e vivenda”*.

Esta competencia sobre ordenación do territorio conleva o exercicio dunha serie de atribucións relativas ás diversas funcións e usos para os que pode ser destinado o seu solo ou espazo físico territorial, incluído o seu litoral e *“ningunha dúbida cabe sobre a pertenza do litoral ao territorio”* tal e como ten declarado o propio Tribunal Constitucional (STC 141/1991, de 4 de xullo). O mesmo Tribunal, na STC 5/2015, de 22 de xaneiro, sinala que *“(…) A ordenación do litoral, inexistente como competencia específica no texto constitucional, hase considerar integrada dentro da competencia sobre ordenación do territorio á que se refire o art. 148.1.3 CE. O exercicio desta competencia autonómica haberá de ter en conta a incidencia territorial de todas as actuacións dos poderes públicos, co fin de garantir dese modo o mellor uso dos recursos do solo e do subsolo, do aire e da auga e o equilibrio entre as distintas partes do territorio mesmo.”*

Por outro lado, a Comunidade Autónoma de Galiza, vía artigo 27.3 do seu Estatuto de Autonomía –aprobado por Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril- asumiu competencias exclusivas en materia de *“ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda”*, o que implica exercer un conxunto de actuacións públicas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

planificadoras dos usos do solo e de equilibrio entre as distintas partes do territorio.

Se ben a Constitución Española configura directamente como dominio público estatal “a zona marítimo-terrestre, as praias e o mar territorial”, e remitiu a súa regulación á Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, dita norma, non pode - en absoluto- implicar unha limitación competencial respecto do exercicio das facultades de ordenación do litoral que Galiza pode -e debe- despregar sobre o dominio marítimo-terrestre.

De facto, agás a definición do propio réxime xurídico que configura o dominio público marítimo-terrestre como competencia do Estado, a competencia de Galiza sobre ordenación do seu litoral inclúe as seguintes facultades:

- O establecemento e a regulación dos plans territoriais de ordenación e uso do litoral e das praias, así como a regulación do procedemento de tramitación e aprobación destes instrumentos e plans;
- A xestión dos títulos de ocupación e uso do dominio público marítimo terrestre, especialmente o outorgamento dos títulos de autorizacións e concesións.
- A regulación e a xestión do réxime económico-financeiro do dominio público marítimo terrestre, nos termos previstos pola lexislación xeral.
- A execución de obras e actuacións no litoral de Galiza, para o caso de non seren de interese xeral.



As anteditas facultades executivas (incluídas as de xestión dos títulos de uso e ocupación do dominio público-terrestre) derivan da competencia propia estatutaria sobre ordenación do territorio e do litoral, con independencia da titularidade estatal sobre o dominio público marítimo-terrestre, sen necesidade de que o vixente Estatuto de Autonomía de Galiza sexa sometido a reforma e están avaladas por varias sentenzas do Tribunal Constitucional, tales como as STC 149/1991, do 4 de xullo; STC 31/2010, de 28 de xuño; STC 36/2022, do 10 de marzo; entre moitas outras.

Ademais, xa existe un precedente nesta materia, ao serlle traspasadas funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza con relación aos vertidos no mar, a través do Real Decreto 659/1985, de 17 de abril e que permiten ao Goberno galego, entre outras funcións, as de formular, tramitar e aprobar os plans de ordenación do litoral, que inclúan as praias e/ou a zona marítimo-terrestre; autorizar as obras e instalación de vertidos industriais e contaminantes nas augas do litoral galego, así como a inspección das mesmas; a tramitación das concesións de todas as instalación portuarias e deportivas que sexan competencia exclusiva da Comunidade Autónoma galega.

Por outro lado, o Consello Consultivo de Galiza, no seu Informe CCG 227/2022, emitido con data de 20 de xullo de 2022, polo que resolve a solicitude de consulta presentada pola Xunta de Galiza sobre “*se é posible entender, sen necesidade de modificación do Estatuto de autonomía de Galiza, que a competencia autonómica de ordenación do litoral comprende a xestión dos títulos de ocupación e uso do dominio público marítimo-terrestre*”, ofrece unha resposta en sentido afirmativo, con ampla e rica argumentación á cal remitimos. En todo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

caso, o antedito Consello chega ás seguintes conclusións que reproducimos literalmente:

“Primeira.- Dos termos dos artigos 27.3 e 37.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, e da doutrina actual do Tribunal Constitucional (por todas, SSTC 31/2010, do 28 de xuño, 57/2016, do 17 de marzo e 18/2022, do 8 de febreiro), dedúcese que a competencia asumida pola Comunidade Autónoma galega sobre a “ordenación do territorio e do litoral” comprende todas as facultades ou funcións que naturalmente son desenvolvibles en relación con tal materia, incluídas as facultades sobre a “xestión” dos títulos de uso e ocupación do dominio público marítimo terrestre, comprensibles das funcións executivas de outorgamento (e, conseguintemente, tamén as relativas á prórroga, modificación e extinción) das autorizacións e concesións previstas na normativa de costas para a utilización e ocupación do dominio público marítimo-terrestre do litoral galego non adscrito.

Segunda.- Tales funcións executivas sobre a “xestión dos títulos de uso e ocupación do dominio público marítimo terrestre corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia como competencia propia, non formando parte das facultades do Estado derivadas da titularidade do dominio público marítimo-terrestre nin da competencia estatal sobre protección do medio ambiente, sen que tampouco as reteña o Estado en virtude da cláusula residual do artigo 149.3 da CE.

Terceira.- Integrada a xestión dos títulos de ocupación e uso do dominio público marítimo-terrestre, como función executiva, na competencia autonómica de ordenación do litoral prevista no artigo 27.3 do vixente Estatuto de autonomía,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non resulta necesario modificar o dito Estatuto para a asunción competencial neste eido.

Cuarta.- Para que as ditas funcións de xestión, de carácter executivo, poidan ser efectivamente exercidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, resulta necesario o traspaso de medios e servizos por parte do Estado, debendo evitarse, por lealdade constitucional, que persista a situación anómala de que o Estado siga exercitando transitoriamente funcións que non lle corresponden.

Quinta.- Ao tratarse de funcións que forman parte xa do acervo competencial autonómico, pendentes só de traspaso de medios e servizos para o seu exercicio efectivo, poderán ditarse, no exercicio da competencia autonómica en materia de ordenación do litoral, normas de rango legal e/ou regulamentario que disciplinen, con respecto ao réxime xeral do dominio público, cuestión relacionadas co exercicio de tales funcións executivas, e condicionadas, na súa aplicación, ao traspaso efectivo”

Finalmente e, co obxectivo de proceder a solicitar o devandito traspaso ao Estado dos medios e servizos requiridos, convén acudir ao artigo 150 da Constitución Española que, a través dos seus números 2 e 3, establece o seguinte:

“2. O Estado poderá transferir u delegar nas Comunidades Autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes á materia de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación. A lei preverá en cada caso a correspondente transferencia de medios financeiros, así como as formas de control que se reserve o Estado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. O Estado poderá ditar leis que establezan os principios necesarios para harmonizar as disposicións normativas das Comunidades Autónomas, aínda para o caso de materias atribuídas á competencia destas, cando así o esixa o interese xeral. Corresponde ás Cortes Xerais, por maioría absoluta de cada Cámara, a apreciación desta necesidade.”

Por último, a Disposición Transitoria Cuarta do Estatuto de Autonomía de Galiza, alude á creación da correspondente Comisión Mixta paritaria “coa finalidade de transferir a Galiza as funcións e atribucións que lle correspondan, conforme ao presente Estatuto.”

Tal disposición, conxuntamente co Real Decreto 581/1982, de 26 de febreiro (BOE de 24 de marzo) polo que se aproban as normas de traspaso de servizos do Estado á Comunidade Autónoma Galega, regulan o funcionamento da Comisión Mixta de Transferencias, así como a forma e condición ás que se deben axustar os traspasos das referidas funcións e servizos.

Artigo 1. Funcións obxecto de demanda de traspaso

En virtude do disposto na presente lei, unha vez realizado o traspaso de servizos correspondente, a Comunidade Autónoma de Galiza, a través do correspondente Acordo coa Administración do Estado, deberá ter encomendadas, ao menos, as seguintes funcións:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. En relación coas autorizacións de usos de temporada nas praias e no mar territorial (zonas de fondeo, embarcadiros flotantes e usos análogos); coas autorizacións de actividades nas que concorran circunstancias especiais de intensidade, perigosidade ou rendibilidade; e coas autorizacións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre con instalacións desmontables ou con bens mobles:

- a) A súa xestión e outorgamento.
- b) A súa vixilancia e aplicación do réxime sancionador.
- c) A xestión dos ingresos que se devindiquen pola súa ocupación e aproveitamento.

2. A xestión e outorgamento de autorizacións en zonas de servidume de tránsito e acceso ao mar, así como a vixilancia, tramitación e imposición e recadación das sancións que corresponda, no que se refire ao incumprimento dos termos en que foron outorgadas.

3. A xestión das concesións demaniais a que se refire o artigo 64 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, que inclúe, en todo caso, o seu outorgamento, renovación, prórroga, modificación e extinción, así como a xestión dos ingresos que se devindiquen polas anteditas ocupacións ou aproveitamentos en concepto de canons. As devanditas concesións son as seguintes:

- a) As requiridas para efectuar verteduras ao dominio público marítimo-terrestre e as de ocupación do dominio público marítimo-terrestre esixidas para as explotacións de acuicultura.



b) As que amparan usos especialmente intensos, rendíbeis ou perigosos, así como os privativos, con obras ou instalación desmontábeis que pola súa natureza, finalidade ou outras circunstancias requiran un prazo de ocupación superior a un ano.

c) As concesións amparadas por outra concesión de explotación de recursos mineiros ou enerxéticos.

d) As que amporen usos especialmente intensos, rendíbeis ou perigosos, así como os privativos, con obras ou instalacións non desmontábeis. Igualmente, as concesións que posibiliten a execución de obras fixas no mar e aquelas que amporen as instalacións marítimas menores no dominio público marítimo-terrestre, tales como embarcadoiros, varadoiros e outras análogas que non formen parte dun porto ou estean adscritas ao mesmo.

4. A vixilancia, tramitación e imposición das sancións que correspondan, así como a recadación das multas, no que se refire ao incumprimento das condicións de outorgamento das concesións demaniais.

5. A xestión do rexistro de concesións en dominio público marítimo-terrestre no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza.

6. A emisión do informe previo ao rescate das concesións demaniais cando, por razóns de interese xeral, sexa competencia da Administración Xeral do Estado o exercicio desta función.

7. A planificación, elaboración e aprobación de proxectos, xestión e execución de obras e actuacións no litoral galego que non sexan de interese xeral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

8. A participación da Comunidade Autónoma de Galiza na planificación e programación de obras de interese xeral no litoral galego e a emisión dos correspondentes informes sobre a súa cualificación e execución.

9. A execución e xestión das anteditas obras de interese xeral nos termos do convenio subscrito coa Administración Xeral do Estado.

10. A emisión do informe previo ao prego que sirva de base para a redacción dos proxectos correspondentes a obras de interese xeral.

11. A emisión de informe facultativo e non vinculante, con carácter previo ao exercicio da función de emisión pola Administración do Estado de informe preceptivo en relación coa xestión das concesións demaniais recollidas no apartado 3 b).

Artigo Segundo. Traspaso de servizos

As Comisións Mixtas de traspaso de servizos precisarán os medios persoais, materiais e financeiros que sexan necesarios para o cumprimento das funcións comprendidas nos ámbitos das competencias que se transfiren na presente lei e, se é o caso, concretarán cales das funcións se realizarán a través de órganos de cooperación, ou axustarán o seu exercicio a plans ou programas de carácter xeral. En todo caso, os recursos transferidos garantirán financiamento suficiente para o desenvolvemento das funcións transferidas.

O exercicio das competencias transferidas debe ser asumido pola Comunidade Autónoma de Galiza no momento en que teñan efectividade a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

transferencia dos medios persoais, materiais e orzamentarios precisos; instrumentado mediante Acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galiza e o correspondente Real Decreto de traspaso de servizos.

Así mesmo, detallarase a documentación e expedientes dos servizos que se traspasen.

A entrega da documentación e expedientes relativos aos servizos que se traspasan efectuarase na data de efectividade do traspaso.

A entrega de bens, dereitos e obrigas, así como documentación deberá formalizarse a través da correspondente acta de entrega e recepción, que será subscrita polos órganos competentes de ambas Administracións.

Artigo Terceiro. Transferencia de competencias de execución

Transfírese así mesmo, a competencia de execución da lexislación do Estado en materia de formación e outorgamento de títulos das ensinanzas e formación específicas relacionadas coa ordenación e xestión do litoral.

Igualmente será competencia da Xunta a determinación dos requisitos profesionais e de titulación mínima e a realización das probas precisas para desenvolver funcións de practicaxe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo Cuarto. Delimitación das competencias

De conformidade co disposto nos apartados 4º e 29º do artigo 149.1 da Constitución, o contido das competencias transferidas enténdese sen prexuízo das competencias en materia de Defensa e Seguridade Pública que seguirán correspondendo ao Estado.

Artigo Quinto. Modalidades de control

A Comunidade Autónoma de Galiza adaptará o exercicio das competencias transferidas pola presente lei orgánica aos seguintes principios e controis:

- A Comunidade Autónoma de Galiza facilitará á Administración do Estado a información que esta solicite sobre as materias correspondentes.
- As facultades e servizos transferidos manterán o nivel de eficacia que teñan no momento da transferencia.

Disposición final. Entrada en vigor

A presente lei orgánica entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial do Estado. Así mesmo, será publicada no Diario Oficial de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS

- Constitución española de 1978.
- Estatuto de Autonomía de Galiza de 1981.
- Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas.
- Real Decreto 581/1982, de 26 de febreiro (BOE de 24 de marzo) polo que se aproban as normas de traspaso de servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza e funcionamento da Comisión Mixta prevista na disposición transitoria cuarta do seu Estatuto de Autonomía.
- Real Decreto 659/1985, de 17 de abril, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza en materia de ordenación do litoral e vertidos no mar.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 16/10/2023 13:12:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o mantemento do uso sociosanitario público do Hospital Provincial de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- O 26 de xullo de 2016 asinouse o convenio de cooperación entre a consellaría de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o concello de Pontevedra en relación co proxecto de ampliación do hospital de Montecelo. Este acordo produciuse logo de oito anos de parálise e de que a Xunta desbotase a idea unilateral de construír un novo hospital en Monte Carrasco (Marcón).

A execución da ampliación de Montecelo foi un grande logro social, froito da mobilización e da coherencia mantida pola maioría da sociedade pontevedresa en defensa duns equipamentos hospitalarios modernos e de calidade.

2. O convenio asinado en 2016 tiña como obxectivo establecer as bases de cooperación entre a consellaría de Sanidade, SERGAS e Concello de Pontevedra para a redacción e execución do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal que fixa as determinacións e posibilita a ampliación do hospital de Montecelo e a dotación de infraestruturas e servizos necesarios para o seu óptimo funcionamento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As obras derivadas dese convenio, xa sexan a ampliación da infraestrutura sanitaria como dos servizos necesarios para o seu funcionamento, están en execución, tanto as que son responsabilidade do SERGAS coma as do Concello.

3.- Paralelamente, unha vez acordado que a solución para a mellora das infraestruturas hospitalarias en Pontevedra era a ampliación de Montecelo, estudáronse os usos aos que se destinarían as instalacións do Hospital Provincial, unha vez rematada a ampliación de Montecelo.

Sobre a cuestión dos usos futuros do Provincial hai un amplo consenso social, demandándose, en numerosas ocasións, que manteñan un uso socio-sanitario público. Hai tamén, ou había, un amplo consenso institucional, xa que tanto a Xunta como o Concello de Pontevedra manifestaron a conveniencia e necesidade de manter o uso sociosanitario para o Hospital Provincial.

No ano 2016, cando se asina o convenio para a ampliación de Montecelo, o Presidente da Xunta traslada o compromiso de prever a planificación dos novos usos para Hospital Provincial e a Casa do Mar, deixando claro que “o Provincial terá que ter un novo uso sociosanitario”.

4. No que constitúe unha ruptura de todos os consensos previos, o PP e a Xunta manobraron de costas ao concello e á sociedade pontevedresa para ofrecer o edificio á universidade.

Logo de avaliar diferentes alternativas, semella que pouco estudadas, a última proposta que se anunciou foi a de converter o hospital nunha residencia universitaria.

Este xeito de proceder non parece nin serio nin respectuoso, polo que sería desexábel que se crease unha mesa de diálogo para definir os usos futuros do complexo,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tendo en conta os acordos previos e priorizando as necesidades sanitarias e sociosanitarias.

Outras alternativas como a de equipamentos universitarios poden ter encaixe noutras zonas da cidade e poderán ser obxecto de negociación e acordo entre as partes.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera a Xunta a posibilidade de crear unha mesa de diálogo co concello de Pontevedra sobre os futuros usos do Hospital Provincial, tomando como referencia o compromiso de manter o uso sociosanitario público?

Como valora a Xunta a posibilidade de estudar coa universidade e o concello de Pontevedra as necesidades en materia de equipamentos universitarios, a dispoñibilidade de terreos e os investimentos necesarios para levalos a cabo?

Pensa a Xunta que o concello de Pontevedra debe participar na toma de decisións sobre os usos futuros do Hospital Provincial e as necesidades e alternativas de equipamentos universitarios?

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 06/10/2023 10:59:28

Iria Carreira Pazos na data 06/10/2023 10:59:34

Xosé Luis Bará Torres na data 06/10/2023 10:59:43



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Pazo de Montesacro é un inmoible situado en Cambados, propiedade da orde relixiosa das Hermanitas de Anciáns Desamparados. Nas recentes datas foi coñecida publicamente a intención desta orde de vender esta edificación. Esta orde leva moitos anos realizando un importante labor de atención e coidado de anciáns, pero ante a falta de novas vocacións relixiosas e o consecuente encarecemento da xestión, optan por cesar a actividade e vender o inmoible.

A residencia de anciáns de Cambados leva en funcionamento case un século no mesmo lugar, e antes en outros, sendo un servizo imprescindible para concello de Cambados e non existindo outra alternativa local para esta función.

A venda do inmoible sería un problema en dúas vertentes. Por un lado o seu valor patrimonial, xa que o Pazo de Montesacro é unha localización moi significativa de Cambados que aínda sendo de propiedade privada, ten un carácter público e aberto ó pobo. A súa estrutura arquitectónica está protexida, polo que será mantida sexa cal sexa o futuro do inmoible. En segundo lugar está a función social que se desenvolve, que son funcións que competencialmente corresponden á Xunta de Galicia a través de Política Social, por tratarse de atención a persoas maiores que precisan de asistencia social.

A pesares disto, a Xunta de Galicia está a poñerse de perfil ante a situación, e escabulle as súas responsabilidades ante o que é un problema evidente para o



concello de Cambados e, especialmente, para as persoas que necesitan da atención que alí se presta. Ante isto, resulta fora de lugar a idea que se transmite dende a propia Xunta de que debe ser unha cuestión que asuma o propio Concello, ao ser para esta entidade un gasto inasumible e con posibles problemas legais para elo conforme as normas de estabilidade orzamentaria, ademais de ser competencias impropias.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai adquirir o goberno da Xunta de Galicia o Pazo de Montesacro para destinalo baixo a súa xestión pública ás funcións de asistencia social que estaba desenvolvendo?
2. Considera o goberno da Xunta de Galicia que pode fuxir da responsabilidade da asistencia social que lle corresponde e que ata o de agora se desenvolvía no asilo de Cambados?
3. Cre a Xunta de Galicia que pode desentenderse das necesidades en termos patrimoniais e de asistencia social que se presentan ante o intento de venda do asilo de Cambados por parte da organización propietaria?

Santiago de Compostela, 6 de outubro do 2023

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2023 11:41:16
Nº Rexistro: 60959
Data envío: 06/10/2023 11:41:16.364

Julio Torrado Quintela na data 06/10/2023 11:34:01

Marina Ortega Otero na data 06/10/2023 11:34:10

CSV: BOPGDSPG-F5IWq1oGU-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
223188

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a urxencia de dar cumprimento ao acordo unánime da Iniciativa Xabarín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis de 33.000 sinaturas apoiaban a demanda da Iniciativa Xabarín pola programación infantil e xuvenil en galego na televisión, unha Iniciativa Lexislativa Popular, impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística, que foi debatida no Parlamento galego o 12 de maio de 2021 e aprobada por unanimidade.

No BNG celebramos naquela altura, nas vésperas da celebración do Día das Letras Galegas, este acordo unánime como un acordo a prol da lingua galega. Acreditabamos en que podía ser o primeiro acordo político que reiniciase un tempo novo para sermos protagonistas dun cambio de rumbo de esperanza para a nosa lingua.

Este acordo unánime daba luz verde a que a TVG aumentase a oferta en galego destinada á infancia e á mocidade, a través do reforzo e a promoción das 4 canles Xabarín e que o sinal destas canles fose distribuído a través dos paquetes básicos das operadoras de televisión por fibra óptica, satélite, adsl e tecnoloxía móbil, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñíbel en todos os dispositivos e plataformas de contidos audiovisuais, así como aplicacións actualizadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transcorridos máis de dous anos da aprobación deste acordo unánime, a única certeza é o total incumprimento por parte dos gobernos, ao tempo que a presenza do galego segue a reducirse na programación infantil e para a mocidade nas operadoras de televisión tanto na TVG como na TVE.

A sociedade galega non se resigna ao borrado do galego no espazo audiovisual por parte do goberno galego e do Estado, nomeadamente nos medios de comunicación públicos, e aínda menos ao incumprimento dos acordos unánimes nesta cámara nin dos preceptos legais que obrigan os poderes públicos a promocionaren o galego.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Por que, superados dous anos da súa aprobación nesta Cámara, o goberno da Xunta non deu cumprimento ao acordo unánime a respecto da Iniciativa Xabarín para facer avanzar os contidos infantís e xuvenís en galego nas televisións públicas?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Cristina Fernández Davila

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 09/10/2023 10:09:13

Mercedes Queixas Zas na data 09/10/2023 10:09:16

Daniel Castro García na data 09/10/2023 10:09:24



Á MESA DO PARLAMENTO

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O pasado mes de abril desde o noso grupo parlamentario solicitou á Xunta de Galicia a copia do expediente completo do concerto do grupo musical “MUSE” que actuou no estadio de Balaídos na cidade de Vigo, dentro da programación “Concertos do Xacobeo”.

Cando xa transcorreron seis meses desta solicitude, nada sabemos dese expediente solicitado ao Goberno galego, cando xa pasaron os prazos estipulados polo regulamento do Parlamento para contestar.

E como seguimos sen a información, queremos que nos dean resposta a unha serie de preguntas, para ter transparencia en todos os contratos da Xunta de Galicia. É o deber da Administración fomentar a maior transparencia nos seus contratos.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o motivo polo que a Xunta de Galicia non respondeu á solicitude da copia do expediente completo do concerto do grupo musical “Muse”?
2. A canto ascendeu o investimento que fixo o Goberno galego no concerto de “Muse”?
3. Cando firmou a Xunta de Galicia o contrato do concerto de “Muse”?



4. Pensa o Goberno galego que non respondendo a esta solicitude fomenta a transparencia da súa Administración?

Santiago de Compostela, 6 de outubro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 09/10/2023 10:24:57

Martín Seco García na data 09/10/2023 10:25:05



Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O municipio de Salceda de Caselas vén experimentando nos últimos anos unhas elevadas taxas de nacementos a diferenza do que acontece no conxunto da nosa comunidade. Tal e como se ten denunciado nos últimos anos, o centro de saúde conta cunha soa praza de pediatria que chegou a atender a máis 1.300 nenos e nenas dun municipio cunha poboación infantil de 0 a 15 anos do entorno das 1.700 crianzas.

A nivel sanitario isto conleva períodos de verdadeiro colapso que se solventan unicamente coa boa disposición das e dos profesionais, pero que en moitas ocasións non se está a garantir a atención de calidade mínima que precisan os nenos e nenas.

De feito, non só desde a Xunta de Galicia non se ten atendido a petición de reforzo cun segundo pediatra para a localidade, senón que a situación é agora máis crítica pola baixa da única pediatra titular. Esta baixa, se está a cubrir cunha facultativa a tempo parcial, polo que debido ao colapso moitas familias xa optaron polo traslado a outros centros de saúde fora do municipio. Se unha médica non podía asumir xa as potenciais máis de 1.500 cartillas dos nenos e nenas do municipio, moito menos poderá facelo media.

A precariedade cunha doutora a tempo parcial ten provocado que estes meses moitas e moitos menores non poidan ser atendidos no seu ambulatorio e estean a ser derivados ao centro de saúde de O Porriño, directamente ao hospital Álvaro Cunqueiro en Vigo. Desde o Concello, a comunidade educativa, e o colectivo veciñal fixeron varias reclamacións ao Sergas sobre



este problemática nestes anos, pero non só non houbo resposta senón que a situación é aínda máis crítica.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o motivo para que a Consellería de Sanidade non cubra a tempo completo a baixa da única pediatra en Salceda de Caselas coñecedora da situación e número de crianzas da localidade?
2. Considera a Xunta de Galicia que está a dar un servizo médico axeitado e de calidade á poboación infantil deste concello que se ve na obriga de acudir a outros concellos ou ao hospital Álvaro Cunqueiro?

Santiago de Compostela, 9 de outubro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 09/10/2023 11:34:01

Julio Torrado Quintela na data 09/10/2023 11:34:10





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2023 11:35:50
Nº Rexistro: 60992
Data envío: 09/10/2023 11:35:50.532

Marina Ortega Otero na data 09/10/2023 11:34:18

CSV: BOPGDSPG-F5IWq1oGU-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

223196

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha realidade que se repite en multitude de centros educativos galegos é o grave deterioro ao que, por falta do necesario mantemento progresivo, se viron sometidos desde hai anos.

Un mantemento inexistente en infraestruturas que acaba por dificultar o desenvolvemento da docencia lectiva e dos servizos complementarios, como é o comedor escolar, en cuxo funcionamento se ven obrigados a asumiren unha importante carga de responsabilidade e xestuíón as familias a través das ANPAS.

Un exemplo é o CEIP María Pita da Coruña, tanto nas múltiples deficiencias que presenta como no longo percorrido das reclamacións ante a Xunta desta comunidade educativa.

Nunha recente visita do grupo parlamentario do BNG puidemos comprobar como persiste a paralización sine die das obras apenas iniciadas de mellora da eficiencia enerxética.

Asemade, comprobamos como a accesibilidade para o alumnado transportado en autobús segue a ser unha empinada e longa escaleira de cemento, sen dúbida a máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desaconsellada, nomeadamente para o alumnado de educación infantil, cun maior nivel de perigosidade nos días de choiva.

A maiores, a non existencia dun patio cuberto obriga o alumnado a permanecer nas aulas nos días de choiva en horario de recreo, xa que a única zona semicuberta que hai é unha pista aberta completamente polos laterais na que se forman pozas.

E, finalmente, no CEIP María Pita reitérase un problema cada vez máis común aos colexios: a incapacidade por falta de espazo par asumir todas as peticións e familias do servizo de comedor xestionado pola ANPA ante a incomparecencia da Xunta.

O espazo dedicado a comedor escolar é moi pequeno e insuficiente; ademais, está a ocupar o mesmo espazo dedicado a ximnasio, o único cuberto en todo o centro, coas consecuencias negativas que esa coincidencia de usos tan dispares ocasiona.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Coñece o goberno as deficiencias que presenta o CEIP María Pita da Coruña?
- Como valora que o alumnado teña que cruzar un longo treito de escaleiras en pendente pronunciada para acceder ao colexio?
- Que opinión lle merece que non teña o alumnado suficiente espazo cuberto onde protexerse cando chove mentres agarda nas filas para entrar ordenadamente ás aulas?
- É consciente das limitacións educativas que implica un centro sen espazo exterior cuberto que priva o alumnado de saír nos recreos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cando prevé dar cabo ao proxecto comprometido de pechar os laterais do pavillón exterior para o seu uso escolar e lúdico?
- Como valora as limitacións do espazo dedicado ao servizo de comedor que está a xestionar a ANPA?
- Valora o goberno a importancia de colaborar coa comunidade educativa e a ANPA do CEIP María Pita para que o servizo de comedor funcione como unha alternativa de conciliación eficaz para as familias?
- Comprométese a colaborar co arranxo dun espazo para comedor que cumpra coas necesidades e demandas deste centro?
- Que previsión temporal ten o goberno para rematar as obras incompletas de mellora da eficiencia enerxética?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 09/10/2023 11:49:58

Mercedes Queixas Zas na data 09/10/2023 11:50:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre as accións a desenvolver pola Xunta de Galiza na conservación e protección do patrimonio cultural galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A paisaxe galega vive un tempo de ameazas irreversíbeis debido á intervención do ser humano a custa dunha sobreexplotación que non so interfere na conservación do medio natural, senón que mesmo a fai camiñar cara á extenuación e desaparición.

O valor cultural do monte galego é espello da nosa historia a partir da convivencia dunha multiplicidade de espazos ecolóxicos, evidenciados pola ampla diversidade do patrimonio cultural material e inmaterial.

Isto permite falar da existencia de paisaxes culturais que configuran un produto cultural simbiótico integrado por entidades naturais, históricas, monumentais, arqueolóxicas etc.

O abandono do traballo da terra como sector produtivo principal en Galiza e a extensión do monocultivo forestal ao redor do eucalipto trouxo consigo a afectación aos bens culturais arqueolóxicos, históricos e etnográficos. Tamén sobre o patrimonio cultural inmaterial que constrúe unha parte fundamental do acervo cultural galego que a UNESCO identifica como patrimonio vivo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido, o monte galego acolle unha elevada representación da nosa diversidade microtoponímica tal e como reflicte o proxecto Terra Nomeada, onde a Real Academia Galega e a Asociación Galega de Onomástica recompilan e estudan os nomes de lugar, ademais doutros colectivos, asociacións veciñais e culturais.

Patrimonio material e inmaterial constitúen un espazo común interrelacionado de maneira que calquera afectación sobre o primeiro ten consecuencias directas sobre o segundo polo seu carácter especialmente vulnerábel.

Con todo, tampouco o patrimonio cultural material, referente aos bens inmobles, presenta garantías de protección e conservación, en parte debido ao estado de coñecemento do patrimonio cultural, dispar e insuficiente, quer se tratar de patrimonio catalogado quer non.

Entre as razóns que o xustifican están o propio abandono do monte, o despoboamento e a perda da tradición oral, ao que se suma a carencia de plans xerais de ordenación municipal en moitos concellos e que a Xunta de Galiza non fixese o esforzo que lle cómpre para protexer os bens, tal e como vén de recoñecer o informe publicado polo Consello da Cultura Galega,

Proba disto é o feito de que o goberno do PP modificou diferentes leis para reducir ou mesmo eximir os procedementos administrativos necesarios para poder desenvolvementos forestais e enerxéticos, nomeadamente os vinculados ás renovábeis, que en moitas ocasións teñen afectado moi negativamente o patrimonio cultural, material e inmaterial, incluso facendo caso omiso a informes procedentes do Consello da Cultura Galega.

O recente informe publicado polo Consello da Cultura Galega, Informe sobre o impacto dos cultivos forestais con especies de crecemento rápido no patrimonio natural e cultural de Galiza, conclúe que a paisaxe cultural galega, material e inmaterial, están





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ameazadas debido ao protagonismo determinante das plantacións forestais sobre o monte, nomeadamente as vinculadas ao eucalipto, e a paralización desde 2011 da ampliación da Rede Natura, ao tempo que a protección dos espazos xa recoñecidos, na práctica, dista moito de ser eficaz. Asemade, incide este informe tamén na falta de desenvolvemento e aplicación de múltiples marcos reguladores.

Como conclusións e, polo tanto, obxectivos de mellora da protección e conservación da paisaxe cultural galega, este informe detalla un conxunto de propostas de tipo normativo e de xestión patrimonial, das que, sen dúbida, a Xunta de Galiza debe ser o primeiro destinatario como máximo responsábel competencial.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Que valoración fai o goberno da Xunta do Informe sobre o impacto dos cultivos forestais con especies de crecemento rápido no patrimonio natural e cultural de Galicia?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Cristina Fernández Davila

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/10/2023 11:59:38

Cristina Fernández Davila na data 09/10/2023 11:59:42

Daniel Castro García na data 09/10/2023 11:59:48



Á MESA DO PARLAMENTO

Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Goberno galego debe liderar a loita que os concellos de Bergantiños e a Costa da Morte están a librar contra a praga que afecta ás pradarias da zona, para iso a Consellería de Medio Ambiente debería coordinar na intervención que se está a levar a cabo para evitar a expansión dun verme que se está expandindo polos concellos desta zona e supón unha seria ameaza para a actividade agraria e gandeira destas comarcas.

Os concellos de Zas, Cabana de Bergantiños, Muxía, Camariñas, Vimianzo, Ponteceso e Coristanco atópanse a día de hoxe desbordados ante o avance desbocado da praga do “Mythimna unipuncta” e outros como Laxe ou Malpica comezan a ver como se expande este verme, coñecido como verme cortador ou verme das praderías, un lepidóptero que ataca ao millo e ás pradarias e que está a deixar sen fonte de alimento ás gandarías da zona.

Esta verme ataca con voracidade ás pradarias, e deixa sen fonte de alimento ás explotacións gandeiras da zona, nun momento especialmente delicado para o sector produtor, cos prezos da forraxe e dos pensos polas nubes a causa da escaseza provocada pola seca e as consecuencias da invasión de Ucraína que aínda seguen a notarse no mercado do cereal.



A Xunta de Galicia non debería deixar solos aos concellos que están desbordados e sen un protocolo de actuación claro e sen o apoio que precisan, cun departamento de medio ambiente que debería de cumprir as súas funcións e coordinar unha actuación que permita poñer freo a unha praga que prolifera de xeito descontrolado.

A Administración autonómica debería mobilizar a expertos e técnicos medioambientais para evitar situacións indesexables tanto para o medio ambiente como para a rendibilidade e o futuro da produción gandeira, evitando a aplicación de tratamentos e medidas que poderían non ser as axeitadas.

Por todo o antedito, interesa coñecer en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cales son as medidas que está a tomar o Goberno galego ante a expansión do verme cortador nas comarcas de Bergantiños e a Costa da Morte?

Parlamento de Galicia, 9 de outubro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 09/10/2023 11:32:34

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/10/2023 11:32:48





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2023 12:19:15
Nº Rexistro: 61008
Data envío: 09/10/2023 12:19:15.625

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/10/2023 11:33:00

CSV: BOPGDSPG-F5IWq1oGU-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
223207

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as necesidades de atención educativa no CEIP María Barbeito da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP María Barbeito da Coruña está situado no populoso barrio da Agra do Orzán e, consecuentemente, é un dos colexios que presenta maior matrícula en toda a cidade, superando os 600 alumnos e alumnas no presente curso escolar.

O medre continuado de alumnado matriculado neste centro implica tamén unha maior demanda de prazas de comedor escolar que está directamente relacionada coa imparábel suba de prezos de alimentos básicos, por unha banda, e as necesidades de conciliación familiar, pola outra.

No actual curso en andamento están a xantar no centro máis de 200 alumnos e ao redor de 50 familias solicitantes de praza de comedor quedaron desantendidos por falta de espazo. Como consecuencia disto, precarízase a vida das familias afectadas, na maioría dos casos as mulleres vense obrigadas a reducir xornada laboral ou mesmo deixar de traballar para atender os fillos e fillas.

Na recente visita que fixemos ao CEIP María Barbeito puidemos comprobar que este é un centro que durante décadas careceu do máis mínimo mantemento, polo que na actualidade presente carencias moi importantes, entre as que destacamos as seguintes:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- No edificio destinado a educación infantil non hai ningún aseo para adultos, polo que as mestras teñen que usar os dos cativos ou deslocarse a algún dos outros edificios.

- Ningún dos diferentes edificios cos que conta o colexio ten ascensor, o que dificulta, cando non limita, a accesibilidade de alumnado con dificultades motoras, temporais ou permanentes.

- Non se dispón de ningún espazo para comedor escolar, polo que se habilitou un pequeno salón de actos para poder atender esta demanda básica, renunciando ao único espazo dispoñíbel para poder celebrar actos comunitarios.

Ás necesidades de abandono prolongado do CEIP María Barbeito de tipo infraestrutural, hai que lle engadir a redución de profesorado especialista de Pedagogía terapéutica e Audición e Linguaxe.

A eliminación dunha praza de Audición e Linguaxe neste centro, por parte do goberno da Xunta, ten como consecuencia que ao redor duns 25 nenos/as este curso quedarán sen atender as súas necesidades educativas especiais por non dispoñer o centro dos suficientes recursos humanos. Mesmo a aquel alumnado que si gozou desta importante atención educativa no curso pasado, acaba de serlle comunicado que neste curso non o recibirán por dispor de menos profesorado especialista e verse o centro obrigado a priorizar o alumnado.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Coñece o goberno da Xunta as deficiencias infraestruturais do CEIP María Barbeito?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como xustifica que un centro educativo de varios andares non teña ningún ascensor?
- Comparte o goberno que é necesario dotar dun aseo para adultos o edificio de educación infantil?
- Comparte o goberno do PP a importancia de garantir prazas de comedor suficientes neste centro para dar resposta á elevada demanda das familias e contribuír á conciliación?
- É consciente o goberno das dificultades e responsabilidades que están a asumir desde a ANPA tentando ofrecer un servizo de comedor de calidade e accesíbel para o consunto das familias que o precisan?
- Que solucións prevé achegar para que o centro estea dotado dun espazo de comedor acorde ás necesidades e que permita recuperar o único espazo para actividades comunitarias de que dispón o centro?
- En que prazo?
- É consciente a Xunta da desatención que acaba de provocar no alumnado con NEAE deste centro ao suprimir unha praza de AL?
- Por que segue a Xunta con esta política de recortes de profesionais docentes que tanto prexudica a atención e avance do alumnado que máis o precisa?
- Comprométese o goberno a cubrir de novo, o antes posíbel, esta praza suprimida para poder garantir un ensino de calidade e en igualdade para o alumnado do CEIP María Barbeito?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 09/10/2023 12:38:45

Mercedes Queixas Zas na data 09/10/2023 12:38:49



Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O CEIP Francisco Vales Villamarín en Betanzos construído nos anos 70 é un dos que ten maior matrícula da comunidade leva anos agardando por unha urxente mellora e reforma integral do centro. Despois das obras de reforma executadas tan só nun dos bloques do colexio no que se actuou na adecuación de fachada, cambio de xanelas, pintado e mellora da iluminación, o outro bloque continúa a padecer serias deficiencias e precisando dunha mellora integral que non chega.

O persoal docente e o alumnado padecen a diario as graves deficiencias derivadas da falta de illamento, filtracións, perdas térmicas e frío ou problemas de iluminación. As filtracións de auga son tamén unha constante no patio cuberto do colexio. Outra das problemáticas que presenta este edificio é a falta de espazo para as nenas e nenos que acoden a diario ao comedor escolar, tendo que habilitar espazo no salón de actos que se ten visto inutilizado.

A pesar de coñecer esta precaria situación que padece o persoal docente e o alumnado deste centro a Consellería de Educación segue amosando un enorme desleixo á hora de dar resposta as necesidades e as xustas demandas do Concello e da comunidade educativa. O Concello de Betanzos leva anos esixindo as necesarias obras de acondicionamento do CEIP Vales Villamarín despois de anos de espera e continúaas reivindicacións á Xunta. Mentres o goberno galego si intervén noutros centros menos antigos e con menor número



de alumnos/as o Vales Villamarín segue agardando e padecendo unha situacións a todas luces insostible.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son os motivos da Xunta de Galicia para non atender e completar a necesaria reforma integral do CEIP Francisco Vales Villamarín en Betanzos?
2. Considera a Consellería de Educación que as instalacións do CEIP Francisco Vales Villamarín en Betanzos son axeitadas para ofrecer unha educación de calidade e en condicións dignas?

Santiago de Compostela, 9 de outubro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 09/10/2023 10:38:54

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/10/2023 10:39:02

Pablo Arangüena Fernández na data 09/10/2023 10:39:12





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2023 13:58:49
Nº Rexistro: 61022
Data envío: 09/10/2023 13:58:49.969

Noa Susana Díaz Varela na data 09/10/2023 10:39:22

CSV: BOPGDSPG-F5IWq1oGU-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
223214

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a tomar para garantir a asistencia sanitaria á veciñanza do concello de Catoira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De novo a veciñanza do concello de Catoira denuncia problemas de asistencia sanitaria no seu centro de saúde, con esperas de cerca dun mes para conseguir unha cita para medicina de familia, e polo tanto tardanzas para acadar un diagnóstico da súa doenza ao acumularse esperas para ter a primeira cita, para realizar probas de laboratorio, para a seguinte consulta para coñecer resultados... o que significa de sufrimento e angustia, empuxando ás persoas a acudir á sanidade privada ou a automedicarse.

Veciñanza que leva meses demandando que se substitúa ao persoal, xa mostrou a súa preocupación ao saber da xubilación dun medicina de familia, ao non estar previsto que se substituíra.

Preocupación por a situación permanente de non cobertura de ausencias, porque as crianzas pasaron de ter atención pediátrica catro días á semana a tela só un día, no mellor dos casos, sendo moi habitual que nin iso.

A preocupación está de novo en niveis máximos porque na actualidade a situación no centro de saúde é a seguinte:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como se temían a praza do médico que se xubilou non foi cuberta, só se substitúe algúns días unha horas, sen sequera saber con antelación cales van ser, co que supón de caos tanto para @s doentes como para o persoal administrativo que ten que citar, descitar e volver a citar. As demoras tanto para consultas como para receitas está en vinte e seis días.

Só teñen atención pediátrica un día á semana, con consecuencias son moi graves, ao quedar sen atención médica nas vacacións, libranzas ou baixas laborais, tendo que desprazarse até Vilagarcía, só en caso de urxencias, non tendo posibilidade de solicitar cita para cuestións non urxentes.

A veciñanza de Catoira está alarmada diante desta falta de atención sanitaria que viven de xeito permanente. Está farta de que poñan en risco a súa saúde e a súa vida. Farta de que ter atención sanitaria dependa do factor sorte, de que se dea a casualidade de que haxa profesionais no centro de saúde ou de que non estean saturados os servizos de urxencias.

O Bloque Nacionalista Galego leva anos denunciando estes problemas constantes da atención sanitaria no concello de Catoira, anos demandándolle ao PP que tome medidas, e a única resposta é non facer nada, razón pola cal o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego demandámoslle ao Sergas que dunha vez por todas poña solucións, razón pola cal presentamos as seguintes preguntas para resposta escrita:

Coida que un goberno que se preocupe pola súa cidadanía pode deixar a todo un concello sen asistencia médica?

É consciente dos prexuízos que lle causa tanto a doentes como profesionais a decisión de non substituír ao persoal?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É consciente do problema que lle supón á veciñanza de Catoira, nunha porcentaxe importante envellecida, sen medios para desprazarse, ter que acudir a Vilagarcía para ser atendid@s?

Vai proceder a cubrir de xeito estábel a praza de medicina de familia que quedou vacante por xubilación do anterior titular?

Vai proceder a substituír as ausencias do persoal do Centro de Saúde de Catoira tanto nas ILTs, nas súas licenzas como vacacións, para manter a asistencia sanitaria en horario completo e con persoal estábel?

Considera o Sergas que as crianzas de Catoira teñen unha asistencia pediátrica de calidade tendo consulta só un día á semana?

Teñen intención de repoñer o servizo de pediatría, a polo menos os catro días a semana, como se viña prestando?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 09/10/2023 17:11:51

Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2023 17:11:55

María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2023 17:12:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a demanda ao Estado de devolución do orixinal da Crónica Troiana.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“Sabbean quantos este liuro viren que eu Fernan Martiis, clerigo e capelan de Fernan Perez ´Andrade, escriuiu este liuro des onde sse começa esta estoria ata aquí...e escriujo per mandato do dito Fernan Perez...”.

Esta é a nota que o escribán e tradutor da Historia Troiana deixa na páxina cen da Crónica Troiana, a versión galega do romance francés de Benoît de Sainte-Maure, que á súa vez transpuña as historias clásicas que deron lugar ao que se coñece como o ciclo de Troia na literatura medieval.

A cita está inserta no folio cen da Crónica Troiana, que a día de hoxe é a obra literaria en prosa medieval galega máis extensa que se conserva. Nese mesmo folio dáse conta da data en que remata o verquido ao galego da Materia de Troia “Este liuro foy acabado vr̃t dias andados do mes de janeyro, era de mili et quatrogetos et onze anos. Et eu, o dito Ferna Martiis, clérigo, rrogo et pei;o, porlo amor de Deus et por saluamento de suas almas et en penjtenqia de seus pecados, a quantos este liuro uiré et oyré, que digan porla ñja alma hü Pater Noster et hüa Aue María, aa onrra de Deus Padre et de Deus Filio





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

et de Deus Spíritu Sancto, que me queyra perdoar, et da Uirgen María, sua madre, que lie rroge por mf et por uós que o queyra assy coprir et outorgar”.

O autor de ambas citas é o tradutor e escribán principal da obra, Fernán Martíns, capelán de Fernán Pérez de Andrade, o Bo, que legou así para Galiza, ademais das mellores mostras do gótico galego, a cimeira da literatura medieval en prosa na nosa lingua. Do seu puño son directamente as primeiras cen páxinas da Crónica Troiana e mais as 119 a 128. As restantes, doutros colaboradores que facían parte do seu scriptorium, posto que Fernán Martíns, ademais de aconsellar Fernán Pérez de Andrade e intervir no programa iconográfico das igrexas que funda ou refunda -singularmente no panteón de San Francisco de Betanzos- era considerado no tempo un magister scriptorium na nosa lingua.

Está documentada a residencia habitual de Fernán Pérez de Andrade na nosa cidade, polo que é probable que o seu capelán e conselleiro, Fernán Martíns, residise onde o señor moraba. E sendo San Francisco o principal dos mosteiros que fundou Fernán Pérez e o favorito de entre todos para facerse soterrar nel, non poucos consideran que o seu capelán puido ter residido e dirixido o scriptorium dos franciscanos brigantinos. Así que, probabelmente, cando menos parte da composición da Crónica Troiana tivo que ser redixida neste lugar.

O códice da Crónica Troiana ten 185 follas de pergamiño escritas a unha única columna, con letra francesa visibelmente de varias mans, sendo a parte principal da propia man de Fernán Martíns, que como deixa escrito foi o redactor da obra, rematada, como anota o capelán de Andrade, o 20 de xaneiro de 1373.

Actualmente a Crónica Troiana está na Biblioteca Nacional de Madrid. Salazar, cando a examinou para publicala, anota a modo de denuncia que, no encadernado moderno, “tiene guardas de pergamino y tapas de chagrín verde con hierros, visillos y





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

filetes de oro; en el tejuelo, sobre la piel, se lee: CRÓNICA / TRO-YANA / EN PORTUGUÉS”.

Celebrándose este 2023 o 650 aniversario do remate da obra en prosa galega medieval máis extenso que se conserva, estando tan vinculado con Betanzos tanto o promotor coma o autor da Crónica Troiana e resultando a obra un monumento da nosa literatura nacional na Idade Media, a corporación municipal de Betanzos acordou por unanimidade a celebración desta efemérede cun programa de actos de posta en valor social desta obra, así como a reclamación ao Estado do exemplar orixinal.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Comprométese o goberno da Xunta a se dirixir ao goberno do Estado para reclamar a devolución da Crónica Troiana a Galiza?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Cristina Fernández Davila

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 09/10/2023 17:35:17

Mercedes Queixas Zas na data 09/10/2023 17:35:21

Cristina Fernández Davila na data 09/10/2023 17:35:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de dar resposta ás deficiencias estruturais do IES A Sardiñeira da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É ben coñecida a situación de moitos centros educativos galegos relativa á falta de conservación e mantemento infraestrutural. Son moitos os exemplos de carencias importantes que neste sentido o BNG temos rexistrado nesta cámara.

O IES A Sardiñeira da Coruña presenta importantes deficiencias que a propia comunidade educativa lle ten feito chegar ao goberno da Xunta aínda que sen resposta pola súa parte.

Este instituto consta de dous edificios que datan dos anos 80 e, catro décadas despois, algunhas zonas nunca foron reparadas, presentando un deterioro que require obras urxentes por parte da Consellería.

Evidente é o deterioro do peche perimetral de formigón con fragmentos do ferro interior á vista. Como tamén o son as deficiencias que presenta o edificio dedicado á docencia de ciclos formativos no seu tellado, con caídas de tellas ao patio e entrada de auga a través do lucernario que implica cortar o paso polas escaleiras para evitar caídas.

Asemade, este instituto non dispón de aula de tecnoloxía para ESO e Bacharelato, polo que o alumnado se ten que deslocar a unha aula compartida e cedida





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no edificio de ciclos formativos. Unha deficiencia que se pode resolver acondicionando un espazo que se está a empregar como trasteiro-almacén polas malas condicións que presenta.

As cubertas planas dos soportais do edificio de ESO e Bacharelato presentan tamén humidades, mofos, perda da impermeabilización que permite filtrar a auga. Como humidades tamén presentan os dous ximnasiaos por ausencia de ventilación e exceso de condensación e onde mesmo chega a caer o falso teito.

En conclusión, logo de máis de catro décadas de falta de mantemento e conservación da maior parte das instalacións do IES A Sardiñeira, que puidemos comprobar en recente visita, concordamos coa comunidade educativa en que é moita hora de o goberno da Xunta investir na adecuación e mantemento das instalacións deterioradas deste instituto que contribúan ao reforzo do compromiso coa educación pública do que participan profesorado e alumnado.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É coñecedor o goberno das severas deficiencias infraestruturais que presenta o IES A Sardiñeira da Coruña?
- Por que razón non actuou respondendo ás demandas da comunidade educativa?
- Comprométese a Xunta a dar solución ás deficiencias infraestruturais do IES A Sardiñeira? En que prazo?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 10/10/2023 10:38:56

Mercedes Queixas Zas na data 10/10/2023 10:39:00



Á MESA DO PARLAMENTO

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A gran actividade do Ifevi en feiras e congresos é un xerador constante dun importante volume de negocio para Vigo e para Galicia. Unha desas feiras nas que máis negocio se leva a cabo é Conxemar.

CONXEMAR é a feira de referencia en Europa e serve de lugar de encontro para todo o sector. Esta feira consolídase entre as catro máis importantes do mundo.

Compre salientar a importancia de CONXEMAR para reforzar a posición estratéxica de Vigo e Galicia no sector pesqueiro. O papel internacional de dita feira leva á necesidade urxente de volver a ampliar as instalacións do Ifevi.

Na recente inauguración da feira de CONXEMAR, o pasado 3 de outubro, o seu presidente deixou ben claro que para que esta feira continúe necesita crecer e para iso necesita unha nova ampliación do Ifevi.

A edición número XXIV de CONXEMAR contou con 27.000 visitantes de 110 países, aumentando un 3 % con respecto o ano 2022. O resultado foi moi positivo, con récord de expositores e de visitantes. Con estas cifras urxe a ampliación deste recinto para que CONXEMAR sega sendo unha feira referente no mundo. Este ano todo o recinto do Ifevi estivo totalmente ocupado con Conxemar. Se houbera máis espazo, virían máis expositores e máis persoas, polo tanto a Xunta debería comezar de forma inmediata cos trámites para ampliar o Ifevi.



Na anterior ampliación do Ifevi o Grupo Parlamentario Socialista comezou en novembro de 2020 a solicitarlle á Xunta de Galicia a ampliación do Ifevi e a urxencia da execución do seu proxecto para estar rematado en outubro de 2021 e permitir que a feira de Conxemar contase con máis espazo na edición dese ano. Proposición non de lei que foi rexeitada polo PP porque afirmaban unha e outra vez que estaría para esas datas. En febreiro de 2022 este grupo parlamentario volve a levar unha iniciativa porque aínda estaba a ampliación do Ifevi sen facer

A Xunta de Galicia non deberían ter demorado a ampliación do Ifevi, xa que CONXEMAR é clave para a nosa economía. E na edición do 2021 non estaba feita dita ampliación.

O incumprimento por parte da Xunta de Galicia prexudicou ao Ifevi e ás feiras que alí se celebraron, especialmente a CONXEMAR. Desde o Goberno galego non se deron explicacións por non ter a ampliación realizada para o mes de outubro do 2021, despois do anuncio da conselleira de Infraestruturas de que estaría en setembro.

O noso grupo parlamentario estivo dende o 2020 ata o 2022 reclamando a ampliación do Ifevi, para que non volva a acontecer o mesmo, solicitámoslle a Xunta de Galicia que empece inmediatamente cos trámites de ampliación do Ifevi para que estea rematada esa obra para a feira de CONXEMAR 2025. O primeiro paso que ten que dar o Goberno galego é que esa ampliación quede reflectida nos orzamentos do ano que ven.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai a Xunta de Galicia a dotar orzamentariamente no exercicio 2024 a partida necesaria para a ampliación do Ifevi?
2. Ten pensado o Goberno galego firmar un acordo entre a Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e o Ifevi para ampliar o recinto feiral do Ifevi, onde quede recollido o cronograma da execución da obra e o orzamento de dita ampliación?

Santiago de Compostela, 10 de outubro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 10/10/2023 16:40:32

Martín Seco García na data 10/10/2023 16:40:40



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A presenza do galego nas canles temáticas infantís e xuvenís da TDT e operadoras de televisión é dun inadmisíbel 0,83 %. Para corrixir esta situación, en maio de 2021 o Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade a coñecida como Iniciativa Xabarín de reivindicación de contidos infantís e xuvenís en galego nas televisións públicas, impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística e que contou co apoio de máis de 22.000 sinaturas.

A resolución aprobada foi:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1º. Que a Corporación de Radio Televisión de Galicia aumente a oferta en galego destinada á infancia e mocidade a través do reforzo e a promoción das catro canles dixitais Xabarín coas que conta a CRTVG. O sinal destas canles sería distribuído a través dos paquetes básicos das operadoras de televisión por fibra óptica, satélite, ADSL e tecnoloxía móbil, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñible en todos os dispositivos e plataformas de contidos audiovisuais, así como aplicacións actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.



2º. *Reclamar do Goberno de España que, dentro do marco das súas competencias, promova as medidas precisas para que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego, nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa aplicación.*

3º. *Instar o Goberno español a impulsar o cumprimento do contido dos artigos do Anteproxecto de lei xeral de comunicación audiovisual onde se recolle a pluralidade lingüística como principio básico, e que a nova lei recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescripcións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.*

4º. *Así mesmo, o Parlamento insta o Goberno galego a chegar a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lexendada a galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar o avance das accións necesarias para a recepción mutua TVG-RTP en Galicia e Portugal, segundo o recollido na Carta Europea de Linguas Rexionais ou minoritarias, tendo en conta as súas condicionantes técnicas e económicas para o tecido produtivo e publicitario, e da simetría no alcance de audiencias.*

Dous anos e medio despois, esta iniciativa esta a ser incumprida, nomeadamente no que ten que ver cos medios públicos galegos. Tal e como denuncia a entidade promotora, a TVG continúa a limitar a programación á segunda canle, sen que exista ningún avance para crear unha canle temática nunha plataforma dixital propia nin se coñezan acordos para a inclusión nas operadoras de TV dispoñibles, como tampouco se avanzou na recepción mutua TVG-RPT.



Por todo isto, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Cal é a razón do incumprimento da Iniciativa Xabarín, logo de ser aprobada por unanimidade no Parlamento hai dous anos e medio?
2. Houbo neste tempo algún avance ou negociación?

Parlamento de Galicia, 10 de outubro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 10/10/2023 17:22:08

Noelia Otero Lago na data 10/10/2023 17:22:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta escrita**, sobre a recuperación do horario dos docentes e reclamación doutros
dereitos laborais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este curso 2023/24 comeza con toda a comunidade educativa galega
descontenta coa organización e recortes do novo curso escolar por parte da Consellaría
de Educación e da propia Xunta de Galiza.

Xunto co alumnado, os principais prexudicados de todas estas medidas é o
persoal docente: mestras e mestres de infantil e primaria e profesorado de secundaria,
FP, Bacharelato, Adultos, Educación Especial, etc.,

Aos docentes de infantil e primaria foille incrementado o seu horario no ano
2010, pasando de 21 a 25 horas semanais e ao profesorado de secundaria e ensinanzas
post-obrigatorias no 2012, pasaron de 18 a 21 h semanais. Esta cuestión, que foi
aplicada coa excusa da implementación do proxecto Abalar e dos centros plurilingües,
modificou a normativa da elección de horarios nos centros educativos, e mentras todas
as Comunidades Autónomas foron reducindo estes horarios en cursos posteriores,
Galiza é a única que non chega a acordos cos sindicatos para voltar ao número de horas
xa consolidado anteriormente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No presente curso escolar, tras a adxudicación dos destinos provisionais para o curso escolar, a acumulación das xubilacións de dous cursos escolares sitúan a porcentaxe do persoal interino por riba do 8%, cando o obxectivo declarado pola propia Consellaría é que esta porcentaxe non supere o 5%. Tendo en conta as interinidades adxudicadas telefonicamente, hai un total de 2.670 docentes interinos, o que eleva a máis dun 8,5% a cota de interinidade.

Así, moitos docentes cambian cada ano de centro educativo producindo unha inestabilidade para as direccións e para o alumnado. Se nos centramos no persoal docente substituto, a día de hoxe os contratos rematan o 30 de xuño aínda que a persoa substituída continúe na mesma situación durante os meses de xullo e agosto. É unha discriminación tanto ao respecto do funcionariado de carreira como do resto do profesorado interino.

A maiores, as cifras de profesorado que imparte materias que non son as propias da súa especialidade segue en máximos, chegando a case un terzo do profesorado sen destino definitivo o que imparte afíns e mantendo igualmente elevada a cifra de mestres e mestras que teñen itinerancia e imparten docencias en dous ou máis centros. Aproximadamente un 50% das persoas que son orientadoras en centros de infantil e primaria con destino provisional son itinerantes.

Mentres os docentes reclaman os seus dereitos laborais, o goberno galego do Partido Popular na Xunta reduce os efectivos do profesorado alegando que descende a natalidade e hai moitos menos nenos e nenas nos centros educativos. O conxunto da comunidade educativa entende que sería agora o momento para aproveitar a situación, que debe ser transitoria, facendo políticas que corrixan esta situación de xeito transversal, e utilizar os recursos humanos actuais para flexibilizar as rateos en pro de mellorar a calidade educativa nos centros de ensino públicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De igual xeito, a calidade educativa melloraría tamén considerablemente, se os profesionais do ensino e os equipos de orientación deixaran de ser, ademáis de mestres, burócratas. A carga administrativa cada vez é maior e vai mermando o tempo do que dispoñen para atender ao seu alumnado, sobre todo a aquel que máis o precisa, o máis vulnerable, o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

Neste intre, o sindicato maioritario do ensino público, a CIG, está en plena negociación coa Consellería de Educación poñendo todas estas cuestións enriba da mesa. Todas elas dereitos básicos do persoal docente, que ademáis son medidas que mellorarían moito a atención ao alumnado e polo tanto a calidade educativa e facilitaría o traballo das direccións dos centros como consecuencia directa.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que medidas vai a tomar o goberno da Xunta de Galiza para atender ás peticións dos sindicatos con respecto aos dereitos laborais do persoal docente adscrito á Consellaría de Educación e que así mellore a calidade educativa nos centros de ensino públicos??
- Porqué as propostas enviadas aos sindicatos non recollen as demandas que fai o persoal docente??
- Vai valorar o goberno da Xunta os beneficios que producirán á comunidade educativa as melloras laborais e de diminución das rateos nas aulas e o nefasto que sería ter provocado pola súa parte unha folga de profesorado neste comezo de curso??





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2023

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 11/10/2023 10:35:27

Mercedes Queixas Zas na data 11/10/2023 10:35:31

Cristina Fernández Davila na data 11/10/2023 10:35:46



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A presenza do galego nas canles temáticas infantís e xuvenís da TDT e operadoras de televisión é dun inadmisíbel 0,83 %. Para corrixir esta situación, en maio de 2021 o Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade a coñecida como Iniciativa Xabarín de reivindicación de contidos infantís e xuvenís en galego nas televisións públicas, impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística e que contou co apoio de máis de 22.000 sinaturas.

A resolución aprobada foi:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1º. Que a Corporación de Radio Televisión de Galicia aumente a oferta en galego destinada á infancia e mocidade a través do reforzo e a promoción das catro canles dixitais Xabarín coas que conta a CRTVG. O sinal destas canles sería distribuído a través dos paquetes básicos das operadoras de televisión por fibra óptica, satélite, ADSL e tecnoloxía móbil, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñible en todos os dispositivos e plataformas de contidos audiovisuais, así como aplicacións actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.



2º. *Reclamar do Goberno de España que, dentro do marco das súas competencias, promova as medidas precisas para que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego, nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa aplicación.*

3º. *Instar o Goberno español a impulsar o cumprimento do contido dos artigos do Anteproxecto de lei xeral de comunicación audiovisual onde se recolle a pluralidade lingüística como principio básico, e que a nova lei recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.*

4º. *Así mesmo, o Parlamento insta o Goberno galego a chegar a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lexendada a galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar o avance das accións necesarias para a recepción mutua TVG-RTP en Galicia e Portugal, segundo o recollido na Carta Europea de Linguas Rexionais ou minoritarias, tendo en conta as súas condicionantes técnicas e económicas para o tecido produtivo e publicitario, e da simetría no alcance de audiencias.*

Dous anos e medio despois, esta iniciativa esta a ser incumplida, nomeadamente no que ten que ver cos medios públicos galegos. Tal e como denuncia a entidade promotora, a TVG continúa a limitar a programación á segunda canle, sen que exista ningún avance para crear unha canle temática nunha plataforma dixital propia nin se coñezan acordos para a inclusión nas operadoras de TV dispoñibles, como tampouco se avanzou na recepción mutua TVG-RPT.



Por todo isto, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Cal é a razón do incumprimento da Iniciativa Xabarín, logo de ser aprobada por unanimidade no Parlamento hai dous anos e medio?
2. Houbo neste tempo algún avance ou negociación?

Parlamento de Galicia, 10 de outubro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 10/10/2023 17:22:08

Noelia Otero Lago na data 10/10/2023 17:22:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as razóns da suspensión da reunión convocada coa representación dos traballadores dos Consorcios Provinciais de extinción de incendios e salvamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende mediados de xuño de 2023 o persoal dos parques comarcais do servizo de extinción de incendios e salvamento dependentes dos Consorcios Provinciais de Galiza están en situación de folga para reclamar o recoñecemento da fixeza do persoal laboral que tiña tal condición con anterioridade á subrogación, así como a mellora das condicións laborais e profesionais dos traballadores dos parques comarcais dependentes dos diferentes consorcios provinciais de Galiza.

Como única medida de presión os traballadores deixaron de facer, voluntariamente, horas extraordinarias o que, dada a insuficiencia dos cadros de persoal, provocou que por carecer de efectivos abondos practicamente a diario se pechasen parques comarcais.

Diferentes sentenzas xudiciais de distintos Xulgados do Social de Galiza veñen recoñecendo, na liña marcada pola Sala do Social do Tribunal Supremo, a fixeza da relación laboral dos traballadores subrogados. Reclamación de fixeza dos traballadores á que se opuxo tanto a Xunta de Galiza como o grupo parlamentario do Partido Popular e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que constituían unha das reclamacións fundamentais dos traballadores e xa que logo unha das razóns das súas mobilizacións, e que, actualmente, vistas as resolucións xudiciais sobre os casos concretos sentenciados semellar non son obxecto de discusión.

Asemade o persoal reclama a mellora das súas condicións laborais e sociais o que motivou o inicio dun procedemento de negociación para o que as partes estaban convocadas a unha reunión o luns día 9 de outubro ás 10,00 horas no Consello Galego de Relacións Laborais para tratar as pretensión concretas trasladadas documentalmente polos traballadores en xullo de 2023.

Á reunión convocada non asistiu a representación da Administración, manténdose a situación de conflito colectivo que provoca o peche diario de distintos parques comarcais por falla de persoal para atendelos, producíndose unha mingua importante na atención dun servizo público esencial, como é o de extinción de incendios e salvamento, con afectación directa á poboación de moitos concellos de Galiza. Así, p.e. polo peche de parques comarcais incendios en Cangas tiveron que ser atendidos dende O Porriño, ou viceversa, producíndose igualmente o peche dos parques comarcais de Vilagarcía, Ordes, Cee ou Ribeira, producíndose situación de risco como que un só efectivo tivera que atender un incendio nun inmovible no Carballiño.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Tiña coñecemento a Xunta de Galiza da existencia dunha reunión coa representación do comité de folga dos bombeiros comarcais de Galiza no Consello Galego de Relacións Laborais?

No seu caso, dende cando tiña coñecemento a Xunta de Galiza da convocatoria da reunión?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asistiu á reunión algunha representación da Xunta de Galiza?

Por que razón/s?

Comunicoulle a Xunta de Galiza a inasistencia á reunión á representación do Comité de Folga?

Cando e por que medio?

Considera que ese comportamento facilita a consecución dun acordo entre as partes?

Entende urxente a celebración de novas reunións que permitan solucionar o conflito existente?

Considera a Xunta de Galiza que a dotación actual dos medios e recursos dos parques comarcais é abonda para a prestación do servizo de protección contra incendios e salvamento que ten conferida?

Que accións ou xestións ten previsto desenvolver a Xunta de Galiza para a resolución do conflito existente e a mellor dotación de medios, recursos e condicións laborais do servizo dos parques comarcais e do persoal destinado neles?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/10/2023 11:51:03

Iria Carreira Pazos na data 11/10/2023 11:51:07

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/10/2023 11:51:18



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **escrita**.

A Administración autonómica está obrigada por lei a crear un centro de crise 24 horas de atención integral ás vítimas de violencia sexual en cada provincia, dando así cumprimento ao Convenio de Istambul que insta a tomar medidas necesarias para a protección e asistencia a todas as vítimas e a promover a creación de centros de axuda de emerxencia para as vítimas de violacións e de violencias sexuais.

Para a creación destes centros, o Goberno do Estado dispón para Galicia dun total de 5,9 millóns de euros procedentes dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

Coñecemos que a Consellaría de Emprego e Igualdade asinaba no mes de febreiro un acordo de colaboración coa Consellaría de Sanidade para a habilitación en hospitais dos espazos destinados a eses centros, que comezarían polas áreas sanitarias de Ferrol, Lugo, Santiago de Compostela e Vigo. En comparecencia plenaria a conselleira de Igualdade aseguraba que xa eran máis as áreas nas que se configurarían eses centros, pero polo de agora nada máis se sabe.

Dado o incremento exponencial da violencia sexual nos últimos tempos, tamén en Galicia, consideramos esencial que esta medida se poña xa en marcha, para o que o Goberno galego dispón de prazo ata o 31 de decembro de 2023.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Vai crear o Goberno galego antes de que remate o ano os centros de crise 24 horas de atención integral ás vítimas de violencia sexual en cada provincia?
2. Como pensan conformar eses centros, localizados nun espazo hospitalario, para que as vítimas e as persoas da súa contorna próxima teñan atención psicolóxica e xurídica inmediata?
3. Con que persoal contará cada centro?

Parlamento de Galicia, 10 de outubro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 10/10/2023 19:43:17

Noelia Otero Lago na data 10/10/2023 19:43:29

Julio Torrado Quintela na data 10/10/2023 19:43:38

Marina Ortega Otero na data 10/10/2023 19:43:48



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26993**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a estratexia galega de infraestrutura verde"** (publicada no BOPG número 258 do 18 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª celebrada o pasado 4 de outubro de 2023 polo director do Instituto de Estudos do Territorio (IET), en resposta á pregunta oral 59167.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 4 de outubro de 2023:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZDg2YTYzODEtYjdlZC00M2M0LThkNTUtNDEwNmI0OTkzMlI](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDg2YTYzODEtYjdlZC00M2M0LThkNTUtNDEwNmI0OTkzMlI)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2023 12:14:48
Nº Rexistro: 61001
Data envío: 09/10/2023 12:14:48.922

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2023 10:14:45

CSV: BOPGDSPG-F5IWq1oGU-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 37264**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a estratexia galega de infraestrutura verde"** (publicada no BOPG número 356 do 4 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª celebrada o pasado 4 de outubro de 2023 polo director do Instituto de Estudos do Territorio (IET), en resposta á pregunta oral 59167.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 4 de outubro de 2023:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZDg2YTYzODEtYjdlZC00M2M0LThkNTUtNDEwNmI0OTkzMlI](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDg2YTYzODEtYjdlZC00M2M0LThkNTUtNDEwNmI0OTkzMlI)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2023 12:14:35
Nº Rexistro: 61000
Data envío: 09/10/2023 12:14:35.688

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2023 10:14:33

CSV: BOPGDSPG-F5IWq1oGU-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49634**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a estratexia galega de infraestrutura verde"** (publicada no BOPG número 458 do 22 de febreiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª celebrada o pasado 4 de outubro de 2023 polo director do Instituto de Estudos do Territorio (IET), en resposta á pregunta oral 59167.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 4 de outubro de 2023:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZDg2YTYzODEtYjdlZC00M2M0LThkNTUtNDEwNmI0OTkzMlI](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDg2YTYzODEtYjdlZC00M2M0LThkNTUtNDEwNmI0OTkzMlI)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2023 12:14:23
Nº Rexistro: 60999
Data envío: 09/10/2023 12:14:23.922

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2023 10:14:20

CSV: BOPGDSPG-F5IWq1oGU-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 58086**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas que vai desenvolver a Xunta de Galicia respecto do cambio climático, a seca e a garantía de acceso á auga"**(publicada no BOPG número 553 do 31 de agosto de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia conta cunha planificación xeral na que contempla a análise da calidade das augas e a planificación de actuacións para mellorar o seu estado, O Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa do ciclo 2021-2027, que establece o marco de todas as actuacións e medidas relacionadas coa auga na demarcación hidrográfica. O Plan fixa como obxectivos xerais a consecución do bo estado e a axeitada protección das masas de auga da demarcación, a satisfacción das demandas de auga e o equilibrio e harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial. Permite, en definitiva, optimizar a xestión integral da auga ante os retos do cambio climático.

No Plan tamén se definen unha serie medidas de todas as Administracións implicadas con financiamento asociado. Prevé un investimento de 1.885 millóns de euros nun total de 212 medidas.

Galicia conta cun plan de abastecemento vixente e nestes últimos anos adoptáronse medidas complementarias a el. Así, para afrontar os retos do abastecemento nun escenario de cambio climático, en 2019 aprobouse a Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento e da calidade da auga en episodios de seca e de risco sanitario.



En canto ao plan de saneamento de Galicia, estase a traballar nun novo plan, que será a folla de ruta que guiará a xestión do saneamento e a depuración nos próximos anos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2023 12:14:12
Nº Rexistro: 60998
Data envío: 09/10/2023 12:14:12.344

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2023 10:14:09

CSV: BOPGDSPG-F5IWq1oGU-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 59127**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación coa adecuación da rede pública de escolas infantís á demanda existente e coa asunción das de xestión municipal"**, (publicada no BOPG número 562, do 14 de setembro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia ten posto en marcha o programa de gratuidade nas escolas infantís 0-3, o que supón un esforzo financeiro moi importante dado que neste ano 2023 destinamos arredor de 55 millóns de euros a este programa.

Cremos que é un esforzo que merece a pena e que é moi ben recibido polas familias. Precisamente, grazas a este programa, Galicia é a comunidade líder en escolarización 0-3 en España, tal como vén de recoñecer o Goberno central nas súas últimas estatísticas. Isto demostra que o número de prazas financiadas con fondos públicos a disposición das familias é moi elevado en comparación coa media española e o resto de comunidades autónomas.

Por esta razón, desde Galicia seguimos a reclamar que o Goberno central achegue financiamento ás comunidades autónomas para establecer esta gratuidade, que no caso de Galicia beneficia a case 32.000 familias.

Ademais, como xa temos insistido en diversas ocasións tamén en sede parlamentaria, trátase dun esforzo compartido nas escolas municipais cos concellos, titulares destes centros. Sobre esta cuestión, o plantexamento da Xunta é que ningún concello saia



perdendo coa gratuidade, porque o que se paga aos concellos é exactamente o mesmo que terían que pagar as familias segundo a súa renda en función do decreto de prezos público da Xunta.

En todo caso, a Xunta de Galicia destina cada curso 7,7 millóns de euros ao financiamento das escolas infantís municipais, centros que insistimos en que son de titularidade municipal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2023 12:00:25
Nº Rexistro: 61132
Data envío: 11/10/2023 12:00:25.501

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2023 10:00:21

CSV: BOPGDSPG-F5IWq1oGU-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 59132**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **"a necesidade do concello de Verín dunha escola infantil pública e as previsións da Xunta de Galicia en relación coa dotación desta infraestrutura"**, (publicada no BOPG número 562, do 14 de setembro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia aposta pola etapa 0 a 3 anos facilitando o acceso de todos os pais a unha escola infantil, ampliando os centros e renovando e actualizando as instalacións da rede pública autonómica. Neste sentido a Xunta de Galicia volve poñer en marcha a orde de axudas para a construción e ampliación de escolas infantís de titularidade municipal.

Esta nova convocatoria, dotada cun orzamento de 34 millóns de euros, permitirá dotar aos concellos de máis prazas de 0 a 3 anos.

O concello de Verín, ao igual que os demais concellos galegos, pode presentar a súa solicitude de fondos para a creación ou ampliación dunha escola infantil municipal.

Sen dúbida, estas axudas enmárcanse nos avances en conciliación e apoio ás familias impulsadas polo Goberno galego nos últimos anos e que sitúan a Galicia á vangarda neste ámbito. Así, é importante lembrar que somos a primeira Comunidade Autónoma en contar cunha Lei de Impulso Demográfico que blindará iniciativas como a gratuidade de todas as escolas infantís, sexan da rede pública, de iniciativa social ou privadas. Unha medida na que o Executivo autonómico inviste máis de 55 millóns para que máis de 31.000 familias poidan



levar gratis aos seus fillos á escola infantil que elixan e supón un aforro medio para os fogares de máis de 2000 euros ao ano”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2023 12:00:09
Nº Rexistro: 61131
Data envío: 11/10/2023 12:00:09.313

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2023 9:59:47

CSV: BOPGDSPG-F5IWq1oGU-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 59166**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á aprobación da Estratexia galega da infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas e aos orzamentos para o seu desenvolvemento"**(publicada no BOPG número 562 do 14 de setembro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª celebrada o pasado 4 de outubro de 2023 polo director do Instituto de Estudos do Territorio (IET), en resposta á pregunta oral 59167.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 4 de outubro de 2023:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZDg2YTYzODEtYjdlZC00M2M0LThkNTUtNDEwNmI0OTkzMlI](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDg2YTYzODEtYjdlZC00M2M0LThkNTUtNDEwNmI0OTkzMlI)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2023 12:13:52
Nº Rexistro: 60997
Data envío: 09/10/2023 12:13:52.782

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2023 10:13:37

CSV: BOPGDSPG-F5IWq1oGU-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

